



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, relativa ao misterio que rodea as instalacións portuarias de Arnosa, en Vilalonga (Sanxenxo), a indefinición da súa titularidade, e previsións de mellora.

As instalacións portuarias de Arnosa existen e son realidade física, non abstracción. Existen e foron construídas e, suponse, pagadas no seu día. Por alguén ou por algo. Son utilizadas ademais habitualmente por unhas 40 embarcacións de pesca de baixura e marisqueo a frote. Que tamén existen. Ao igual que os seus tripulantes, correctamente rexistrados, vivos, persoas físicas.

Daquela, primeira evidencia: Arnosa (Vilalonga-Sanxenxo) existe, e as súas instalacións portuarias tamén. Non só espiritualmente: tamén fisicamente.

Pode semellar pintoresca esta aclaración, mais é necesaria. A razón ten a ver coa “inexistencia oficial” deste porto, contrastada polo BNG diante dos gobernos español e galego. Eis o misterio.

O Ente Público Portos de Galiza, en resposta oficial ao BNG, afirmaba con data de 16 de Xaneiro de 2006 o seguinte.

*“Portos de Galiza non realizou avaliación algunha relativa á situación das instalacións de Arnosa, por non tratarse dunha instalación da súa competencia ao non estar transferida ou adscrita á Comunidade Autónoma de Galiza,*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/04/2008 13:10  
Nº Rexistro: 28390

Data envío: 16/04/2008 13:10:49.857

*descoñecendo por tanto o seu estado de conservación. En consecuencia, ao non ser da súa competencia non está previsto realizar ningunha actuación nas instalacións citadas”.*

Diante deste pronunciamento oficial, o BNG fixo o que tiña que facer: non sendo Arnosa competencia galega, dedúcese que será competencia estatal, e en consecuencia dirixiuse ao Goberno español a través dunha deputada nacionalista nas Cortes.


A resposta oficial, con data de 21 de Decembro de 2006 (traducida ao galego) non ten desperdicio:

*“As instalacións portuarias de Arnosa, en Vilalonga (Sanxenxo), non están incluídas dentro do ámbito das competencias de titularidade estatal”*

A situación é insólita. Estas instalacións, en pleno dominio público marítimo-terrestre, non dependen de ninguén, non se coñecen oficialmente, mais existen en realidade.

Curiosamente, á altura do ano 2000, e posíbel descubrir titulares de prensa referidas ao citado porto, mesmo con dotacións económicas concretadas, e anunciadas por representantes do Partido Popular. As obras executáronse. Iso si, a adaptación á legalidade descoñécese.

O certo é que estas instalacións portuarias cumpren unha importante función, aínda que padecen na actualidade un grave estado de deterioración, que ameaza



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/04/2008 13:10  
Nº Rexistro: 28390  
Data envío: 16/04/2008 13:10:49.857

mesmo á súa estrutura. De feito, o pantalán de atraque sofre unha pronunciada escora, ao tocar a súa estrutura co fondo durante a maré baixa.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Ten constancia o Ente Público Portos de Galiza da existencia física destas instalacións portuarias?

2.<sup>a</sup>) Cando e por quen foron construídas?

3.<sup>a</sup>) A quen pertencen?

4.<sup>a</sup>) Ten previsto adscribilas á súa competencia?


5.<sup>a</sup>) En consecuencia, ten previsto realizar accións de mellora sobre estas instalacións?

6.<sup>a</sup>) En caso positivo, en que prazo, e en que consistirán?

7.<sup>a</sup>) En concreto, ten previsto dotalas de iluminación, casetas para mariñeiros, rampla de varada, subida e baixada de embarcacións, ademais das imprescindíbeis obras de dragaxe nos pantaláns e canle de entrada?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/04/2008 13:10**  
**Nº Rexistro: 28390**  
Data envío: 16/04/2008 13:10:49.857

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 16/04/2008 13:10:04**